



DIAGNÓSTICO COMUNITARIO DO BARRIO DE SAN PEDRO

Ano 2012

Elaborado por:

- ✓ Ana Caamaño Vilar. Traballadora Social uts Porta do Camiños. Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.
- ✓ Pilar Couto Vázquez. Traballadora Social uts Porta do Camiños. Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.
- ✓ Margarita Vázquez Teo. Traballadora Social uts Porta do Camiños. Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela.

Colaboracións:

Xuntanzas comunitarias nas que participan os representantes das seguintes entidades:

- ✚ Asociación Veciñal A Xuntanza
- ✚ Cáritas Parroquial San Pedro
- ✚ Centro Don Bosco.
- ✚ Centro de día Atención Integral “Arela”
- ✚ Centro Sociocultural a Trisca
- ✚ Plataforma polo Emprego
- ✚ Colexio Vilas Alborada
- ✚ CEIP Apóstolo Santiago
- ✚ Colexio “Xuventude”
- ✚ IES Antonio Fraguas- Fontiñas
- ✚ Cruz Vermella
- ✚ Centro de Saúde de Fontiñas
- ✚ Unidade de Atención a Drogodependentes

ÍNDICE XERAL

I.- Introducción	5
II.- Características xerais do barrio	8
II.1.- Situación	9
II.2.- Marco histórico	11
II.3.- Estudo da poboación	16
II.4.- Vivenda, infraestrutura e equipamentos	32
II.4.1.- Vivenda	32
II.4.2.- Infraestruturas e equipamentos	34
II.4.3.- Outros recursos situados no barrio	38
II.4.4.- Comunicación	41
II.5.- A modo de conclusión: unha radiografía do barrio	43
II.6.- Servizos	44
II.6.1.- Servizos e entidades presentes no barrio	44
II.6.2.- Tecido asociativo situado no barrio	44
II.6.3.- Outros servizos e entidades que participan no desenvolvemento comunitario do barrio	45
II.6.4.- Oportunidades comunitarias do barrio	45
II.6.5.- Descrición das entidades que forman parte do grupo comunitario	46
II.6.6.- Descrición das oportunidades comunitarias	60
III.- Análise das necesidades do barrio	62
III.1.- Detección de necesidades	63
III.2.- Diagnóstico social	67
III.3.- Mapa de risco social	70
III.4.- Diagnóstico da situación dende a perspectiva do análise DAFO	71
IV.- Programa de intervención comunitaria: liñas de actuación	72

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa nº1 : Distribución da poboación do barrio de San Pedro por grupos de idade	16
Táboa nº2 : Distribución da poboación por colectivos e por idades	17
Táboa nº3 : Distribución da poboación por sexo e idade	18
Táboa nº4 : Distribución de persoas maiores que viven solos por sexo	19
Táboa nº5 : Distribución das persoas en situación de dependencia pola variable sexo	22
Táboa nº6: Distribución das persoas en situación de dependencia en relación ao grao	24
Táboa nº 7: Número de integrantes das unidades familiares de convivencia das persoas en situación de dependencia	26
Táboa nº8 : Distribución de persoas estranxeiras por sexo	27
Táboa nº9 : Clasificación e agrupación da poboación estranxeira	28
Táboa nº 10: Distribución das persoas pertencentes ao pobo xitano residentes no barrio	29

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico nº1: Distribución da poboación por grupos de idade	17
Gráfico nº2: Distribución da poboación do barrio en relación ao total da cidade	18
Gráfico nº3: Distribución da poboación do barrio de San Pedro por sexo	19
Gráfico nº4: Distribución da poboación maior por sexo	20
Gráfico nº5: Distribución da poboación maior do barrio	20
Gráfico nº6: Distribución da poboación maior que vive soa en relación ao total do barrio	21
Gráfico nº7: Distribución da poboación maior que vive soa por rúas	22
Gráfico nº8: Porcentaxe de poboación en situación de Dependencia no barrio	23
Gráfico nº9: Poboación en situación de dependencia por sexo	23
Gráfico nº10: Persoas en situación de dependencia por grados	25
Gráfico nº11: Persoas en situación de dependencia por grados	25
Gráfico nº12: Persoas en situación de dependencia segundo o estado do expediente de valoración de dependencia	26
Gráfico nº13 : Porcentaxe da poboación estranxeira no barrio de San Pedro	27
Gráfico nº14 : Orixe da poboación estranxeira no barrio de San Pedro	28
Gráfico nº15 : Comparativa poboación xitana co total da poboación do barrio	29
Gráfico nº16 : Comparativa entre familias beneficiarias do Programa Socioeducativo	30
Gráfico nº17 : Tipo de intervencións realizadas no Programa Socioeducativo	31
Gráfico nº18 : Orixe das familias do Programa Socioeducativo	31
Gráfico nº19 : Número de vivendas por rúas	33



O termo diagnóstico provén do grego *diagnósticos* formado polo prefixo *dia* = “a través” e *gnosis* = “coñecemento”, “apto para coñecer”. Polo tanto tratase de “coñecer a través ou coñecer por medio de....”. Interéstanos clarificar o que entendemos por diagnóstico para facer referencia á que mediante a análise de determinadas situacións e datos chegamos a “coñecer para actuar”. Este é un dos principios fundamentais do diagnóstico que ten como finalidade non coñecer por coñecer senón co obxectivo de priorizar, de coñecer para actuar con eficacia.

Partindo desta premisa todo diagnóstico social convertese nun dos primeiros pasos para un proceso de planificación. Do diagnóstico partiremos:

- ✓ Para ter unha información básica que sirva para programar accións concretas.
- ✓ Para ter un cadro da situación que sirva para deseñar estratexias de actuación.
- ✓ Para ser o punto de partida para deseñar accións que permitan enfrontar os problemas e as necesidades detectadas.

Somos conscientes de que o diagnóstico non ten final, é un instrumento aberto en constante retroalimentación, aberto a incorporar nova información e axustes a partir de novos datos.

De igual relevancia nos parece a adecuada contextualización das situacións e necesidades diagnosticadas. Un diagnóstico adquire un real significado cando se fai unha adecuada contextualización da situación-problema diagnosticada.

O método a utilizar no noso caso foi o de investigación-acción-participativo. De forma que a participación das distintas entidades, organizacións ou asociacións do barrio foi fundamental na elaboración deste documento.

Buscábase elaborar un **diagnóstico comunitario participativo** e para isto parecíanos que dende unha posición crítica pero ao mesmo tempo construtiva se debían analizar os recursos, potencialidades e oportunidades que ten o barrio.

Non se trataba solo de incorporar á comunidade como suxeito de coñecemento, senón de vinculala como suxeito de acción, é dicir convertelos en actores e protagonistas dun proxecto transformador posto que dende o momento en que participan na definición e coñecemento das necesidades xa se está construíndo unha nova forma de actuar e relacionarse.

A través do diagnóstico social buscabamos tamén compartir a visión da realidade do barrio entre os distintos actores e producir unha reflexión e un consenso colectivo coa constitución do grupo comunitario do barrio de San Pedro.


Aínda así somos conscientes de que o comunitario existía antes do diagnóstico e da constitución do grupo de traballo actual e seguirá existindo. De feito partimos ou aproveitámonos claramente da fortaleza e das experiencias xa existentes no barrio.



II.1.- Situación

O barrio de San Pedro está situado na zona norte da cidade. Delimitado polas rúas¹:

- Avenida de Lugo (límite co barrio de Fontiñas),
- Porta do camiño,
- Rúas de Rodríguez de Viguri e Escalinata do Ataruxo (límite coa estación de autobuses) e
- Belvís



Trátase dun barrio histórico da cidade de Santiago de Compostela, case tan antigo como a mesma cidade e cun marcado carácter histórico. Situado nunha das entradas á cidade polo Camiño Francés.

Hoxe é unha extensión da zona monumental de Compostela. Paso obrigado de viandantes e numerosos vehículos ao comunicar co centro da cidade. Co obxectivo de realizar este estudo e para poder delimitar o barrio xeograficamente seguindo as indicacións das entidades do barrio as rúas que forman parte do que entendemos por barrio de San Pedro serían as seguintes:

¹ Información obtida a través de distintas entidades do barrio: parroquia de San Pedro, AA.VV a Xuntanza, ...

AMEIXAGA (DA)	CMÑO
CAMPO DA ANGUSTIA (DO)	RUA
ANGUSTIA (DA)	RUA
ESCALINATA DO ATURUXO (DA)	RUA
BATALLA DE CLAVIJO (DA)	RUA
BELVIS (DE)	PRAZA
BELVIS (DE)	RUA
BETANZOS (DE)	RUA
BISPO TEODOMIRO (DO)	RUA
BONAVAL (DE)	RUA
CAMPO DO FORNO (DO)	RUA
CANTEIRO (DO)	RUA
CARAMONIÑA (DA)	RUELA
CARRICOVA (DA)	RUA
CONCHEIROS	RUA
ESCALINATA DO CEBREIRO (DA)	RUA
CHUFAS (DAS)	RUELA
CRUZ DE SAN PEDRO (DA)	RUA
FONTIÑAS (DAS)	RUELA
FRAGUAS (DAS)	CRRDA
HOME SANTO (DO)	RUA
LAGARTOS (DOS)	RUA
LUGO (DE)	AVDA
MATADOIRO (DO)	PRAZA
MEDIO (DO)	RUA
COSTIÑA DO MONTE (DA)	RUA
PUENTE LA REINA (DE)	RUA
QUIROGA PALACIOS (DE)	AVDA
RODRIGUEZ DE VIGURI	AVDA
ROSARIO	RUA
SAN DOMINGOS (DE)	COSTA
SAN PEDRO (DE)	CZADA
SAN PEDRO (DE)	PRAZA
SAN PEDRO (DE)	RUA
SAN PEDRO (DE)	TRVA
SANTO ANTONIO (DE)	CZADA
CAMPO DE SANTO ANTONIO (DO)	RUA
TRIACASTELA (DE)	RUA
TRISCA (DA)	RUA
VEDOR (DO)	COSTA

II.2.- Marco Histórico²

O Barrio de San Pedro está situado xunto á entrada de Compostela polo Camiño Francés, é case tan antigo como a propia cidade e a súa personalidade histórica está marcada pola súa situación na periferia urbana.

Dende sempre o barrio de San Pedro foi un dos barrios máis significativos da cidade de Santiago, caracterizándose pola personalidade propia, independente dos resto dos barrios da cidade e pola súa diferenza co centro da cidade.

A importancia dos camiños no crecemento da cidade de Santiago que nunca contou cunha industria relevante e que vivía dos que viñan a visitar a tumba do Apóstolo e a comerciar non debe esquecerse porque destes naceron os primeiros barrios. O camiño principal, polo que accedían o maior número de persoas e mercancías a Santiago era o que viña de Castela e que entraba na cidade pola Porta do Camiño e polo barrio de San Pedro.

Hoxe en día continúa sendo un dos accesos á zona monumental de Santiago para aqueles que chegan peregrinando polo denominado "Camiño Francés" que nace en Roncesvalles. Os camiñantes chegan ata aquí pola rúa de San Pedro ata alcanzar finalmente a praza do Obradoiro. Na antigüidade había aquí un arco que xa non existe, e que era unha das sete entradas á Compostela medieval amurallada. Hoxe é un dos puntos de maior tránsito de persoas e vehículos de Compostela.

O barrio de San Pedro nace como un arrabalde máis alá da muralla urbana. Os que chegaban entraban á cidade por esta porta que era a máis transitada pero tamén accedían os campesiños e os veciños.

Quizais foi no século X cando se construíu o primeiro edificio do mosteiro de San Pedro, aínda que non existen noticias claras hasta os tempos de Xelmírez alá polo 1100. Para entón sábese que o mosteiro de San Pedro tiña unha nova igrexa, quizais parecida á actual de Sar. No seu arredor había xa algunhas casas, este convento recibía o nome de San Pedro de Fóra para distinguilo de San Pedro de Antealtares, nome inicial do actual mosteiro de San Paio e que estaba dentro da muralla.

Podemos dicir que o barrio medrou á sombra da cidade e á veira do camiño. Nacen xa naquela época as rúas que serán as principais ata o século XX: a rúa de San Pedro, a rúa de Bonaval e a rúa do Medio. Son aínda camiños, non rúas no sentido

² O marco histórico deste estudo foi elaborado na súa maior parte co material facilitado por Mercedes Vázquez da Asociación veciñal "A Xuntanza".

que hoxe lle damos. Hai algunhas casas, sobre todo nas cercanías de Bonaval e San Pedro pero salpicadas. Son moitas as zonas de agros e pastos, a zona da Almáciga e toda a zona de detrás de Belvís e San Pedro está ocupada por campos de cultivo. Quizais sexa o que en algún momento se chamou Monte de San Pedro.

A metade do barrio pertencía á parroquia de Sar, que chegaba ata o Valiño en San Lázaro, que xa pertencía a San Miguel dos Agros. Isto era así porque estaba fóra das murallas da cidade, correspondéndolle unha parroquia externa; a outra metade (máis urbana) pertencía á Santa María do Camiño sendo a división a rúa de San Pedro. O mosteiro de San Pedro non tiña funcións de parroquia. A actual parroquia creouse na segunda metade do século XX.

En 1465 ten lugar un acontecemento significativo cando o abade e monxes de San Pedro aforan unha parcela xunto á Cruz que edificou o Home Santo Predicador para que constrúa unha ermida.

Na antigüidade peregrinos, viaxeiros e mercaderes, campesiños ou artesáns habitaron estas rúas. O conxunto do barrio posúe a grandeza da larga convivencia da popularidade e o monumental.

A importancia dos agros, pastos e hortas indícanos que os veciños se dedicaban ao cultivo da terra. Os datos indican que non solo para o autoconsumo senón tamén para vender na cidade. Posiblemente, e esta é unha das características que identifica o barrio, todos estes campos, ao igual que os seus donos, vivían de vender as súas colleitas no mercado da cidade e de traballar nelas.

Hai tamén noticias de que por aquí vivían carpinteiros e pedreiros, así como da existencia de varios lavadoiros. Cabe pensar que habería tamén outros artesáns como zapateiros, panadeiros, curtidores, ...

As actividades económicas máis importantes e sobre todo máis visibles, ademais da agrícola, debían ser a elaboración de conchas para os peregrinos e o curtido de peles. A elaboración de conchas é un oficio moi antigo e nel están as raíces do gremio e a artesanía do azabache compostelán. Tivo moito éxito porque estaba prohibido fabricar e vender conchas fóra da cidade e isto xa dende o século XIII. Era por tanto un produto en exclusiva. A actual rúa de Concheiros, recibiu o seu nome destes artesáns.

O curtido de peles é un oficio que hoxe está desaparecido, pero que en Santiago chegou a ser moi importante. Había curtidorías nos ríos Sar e Sarela, pero tamén

como indican algúns documentos medievais no regato que pasa pola bagoada da rúa Belvís, o regato das tripeiras. De feito aínda quedan ruínas dalgunha delas.

Noutro tempo aquí situáronse actividades como talleres de coiro, ferreiros, matadoiro, que co tempo foron marchando. Hai noticias tamén da existencia de talleres de xastrería, zapaterías, tabernas, ...Había tamén fábricas relacionadas co téxtil como son as da rúa do Medio que se dedicaban á elaboración de fieltros e á confección de sombreiros. Tamén existían teares en moitas casas. Unha única noticia hai sobre o posible asentamento de canteiros na zona da Trisca, onde se levaron as pedras sobrantas na reforma que se fixo en Belvís. Segundo parece alí partíanse e depositábanse grandes bloques.

É a finais do século XVI cando aparece por primeira vez o nome de rúa de San Pedro, que en realidade se refire ao barrio. Xa naquel momento era a principal vía de entrada na cidade e isto asegurou o desenvolvemento e crecemento do barrio.

O mosteiro de San Pedro xa non existe como tal porque cara o ano 1510 incorporouse a San Martín Pinario. O mosteiro de Bonaval foi ampliando o seu edificio, foron obras que se realizaron de modo intermitente.

No século XVIII foi cando se construíu a capela de San Antonio, cuxa fundación se relaciona con Sor María Antonia de Jesús, coñecida como "A monxiña do Penedo" que era unha monxa do convento do Carmen e que é a primeira santa compostelán. Fíxose esta capela nun campo no que tradicionalmente se celebraba unha romaría en honor ao santo. É o chamado Campo de San Antonio. A ermida foi movida en 1929, parece que para colocala xusto enfronte.

Outras noticias falan da calidade e fama da fonte que hai na Porta de San Pedro (que debe ser Porta do Camiño) que ten unha auga moi boa e moi fría e que xunto á de Sequelo e a do Franco son as mellores da cidade. Sabemos que foron construíndo máis casas no que hoxe é a rúa de San Pedro, a de Bonaval-Rosario e en rúa do Medio. Comezaron a abrirse novas rúas (camiños aínda) cara Belvís. As casas que teñen marcas de propiedade no umbral ou na súa fachada son de esta época.

Dende o 1775 o Concello empezou a ditar bandos obrigando aos veciños a pintar as casas, a construír sumidoiros e a recoller aos animais, ... intentábanse dar á cidade un aspecto máis saneado. Dada a importancia que ten, polo menos a rúa de San Pedro, como camiño principal de entrada podemos pensar que pouco a pouco estes servizos foron instalándose. Tamén se empezou a pensar en enderezar as rúas pero

o certo é que os planos desta época mostran que pouco cambiou o trazado das rúas principais porque xa existían casas.

A rúa de San Pedro foi e sigue sendo a principal arteria do barrio, ten un trazado sinuoso que reflicte o seu pasado dun entorno no que conviviron as vivendas de artesáns coas casonas de comerciantes e fidalgos.

Hoxe mantén ese dinamismo que a caracterizou como principal vía de entrada e saída da cidade.

O antigo mosteiro de San Pedro de Fora situado na praza de San Pedro deu nome ao barrio, no entorno desta praza estaba a igrexa e as vellas dependencias monásticas, o antigo templo medieval case acabou en ruínas e non foi ata o século XIX cando se construíu o actual aproveitando o pouco que quedaba do anterior.

As rúas Angustia, Rosario e Bonaval forman un conxunto de rúas que está conformado por vivendas tradicionais.

Fóra das murallas da cidade de Compostela houbo moitas casonas que se completaban cunha horta, o pazo grande de Belvís construído no século XVII é un exemplo.

O barrio completase con rúas de trazado labiríntico (lagartos e allacentes) que naceron como derivacións da rúa de San Pedro seguindo o camiño que levaba ao río Sar e as hortas.

Durante o século XIX o crecemento da cidade de Santiago estancouse pola desamortización das terras que pertencían á Igrexa. Estas terras expropiáronse e puxéronse á venda. Isto permitiu que os veciños puideran comprar os foros das casas nas que vivían e as terras que traballaban.

Bonaval non volveu a ser ocupado pola igrexa, pasou ao Concello que o converteu en hospicio. A mediados do século XIX o cemiterio do mosteiro pasou a ser municipal porque se consideraba que o lugar era adecuado por estar fóra da cidade e estar ventilado.

Neste século construíse xunto á Porta do Camiño unha nova fonte e un edificio para o fielato³, nel traballaban os fieis que eran os que inspeccionaban as mercancías que entraban na cidade e cobraban os correspondentes impostos.

Por estar na entrada da cidade, polo menos a rúa de San Pedro había un certo número de fondas, tabernas e casas de comidas que serven de aloxamento para os que chegan á cidade.

Ao longo do século XIX fixéronse algunhas obras importantes para os veciños. Por un lado tirouse unha parte da tapia do convento de San Pedro para ampliar o paso cara Belvís, de forma que os vehículos pasasen con máis comodidade. Por outro lado, levouse a cabo o acondicionamento e pavimentado con adoquins da rúa de San Pedro que quizais xa tiña algún tipo de firme consistente dende antes. Os firmes de pedra e adoquin fanse imprescindibles cando se xeneraliza por parte dos viaxeiros e arrieiros o uso de carromatos.

Outra obra importante foi a construción da escaleira que une a rúa do Medio con Bonaval que provocou o traslado dun cruceiro que existía alí. Reconstruíuse unha parte das ruínas do mosteiro de San Pedro.

En definitiva cara o ano 1900 o barrio era parecido ao de agora con menos casas e algo máis de espazo.

³ Fielato era o nome popular que recibían as casetas de cobro de taxas municipais sobre o tráfico de mercancías.

II.3.- Estudo da Poboación

O barrio de San Pedro é un barrio histórico da cidade de Santiago, con tradición e traxectoria. É un barrio no que se producen novos asentamentos pola accesibilidade económica das vivendas e que conta con veciños de varias xeracións de permanencia na zona.

Moitos dos edificios do barrio non teñen ascensor e conta con numerosas vivendas unifamiliares. Edificios construídos na súa maior parte nas décadas dos sesenta e setenta do século XX.

Dentro da estrutura que adopta a Concellería de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego do Concello de Santiago de Compostela para prestar os servizos sociais comunitarios básicos o barrio de San Pedro englobase na uts Porta do Camiño, máis ampla que o propio barrio xa que inclúe zonas limítrofes como a Almaciga, San Roque, As Rodas, Virxe da Cerca, etc.

Sen embargo á hora de iniciar unha proposta de traballo comunitario coas entidades da zona cinguese ao Barrio de San Pedro por entender que ten unha identidade propia e unha vida comunitaria independente.

Con esta idea consideramos fundamental iniciar o noso camiño comunitario con unha análise da poboación da zona coa finalidade de coñecer as características sociais do barrio.

A continuación expónse os datos analizados.


Táboa nº1 : Distribución da poboación do barrio de San Pedro por grupos de idade

Grupos de idade	Nº	% V
Menores de idade	1.088	15,3%
Xuventude	828	11,7%
Adultos	3.794	53,4%
Persoas Maiores	1.392	19,6%
TOTAL	7.102	100%

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Nota: Para o obxecto deste diagnóstico defínense os menores de idade á persoa que non acadou a maioría de idade que se establece nos 18 anos de idade; xuventude período temporal comprendido entre os 19 e os 29 anos. Adultos: etapa da vida comprendida entre os 30 e os 64 anos. As persoas maiores (terceira idade) comeza socioloxicamente aos 65 anos de idade. Cuarta idade a partir de 80 anos

Gráfico nº1: Distribución da poboación por grupos de idade



Segundo os datos que se recollen na táboa anterior o 15% da poboación do barrio son menores de idade, mentres que o 19,6% son persoas maiores de 65 anos.

A diferenza entre ambos é de 5%

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Táboa nº2 : Distribución da poboación por colectivos e por idades


	HOMES			MULLERES			TOTAIS	
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V
Menos de 6 anos	173	5%	57%	129	3%	43%	302	4%
De 6 a 12 anos	207	6%	52%	192	5%	48%	398	6%
De 13 a 16 anos	135	4%	52%	123	3%	48%	258	4%
De 17 a 18 anos	62	2%	47%	69	2%	53%	131	2%
De 19 a 29 anos	392	12%	47%	436	11%	53%	828	12%
De 30 a 39 anos	716	22%	49%	746	20%	51%	1462	21%
De 40 a 64 anos	1055	32%	45%	1277	33%	55%	2332	33%
De 65 a 79 anos	416	13%	42%	571	15%	58%	987	14%
De 80 ou mais	131	4%	32%	274	7%	68%	405	6%
TOTAL	3286	100%	46%	3816	100%	54%	7102	100%

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

A distribución da poboación por grupos de idade amósanos con máis detalle a situación do total da poboación.

Destes datos podemos extraer ademais dos datos xa comentados, que o 6% da poboación do barrio corresponde a cuarta idade, é dicir, ten máis de 80 ou máis anos. O grupo de mozos/as tamén ten un peso específico no barrio ao supoñer o 14,2% da poboación do barrio.

Gráfico nº2: Distribución da poboación do barrio de San Pedro en relación ao total da cidade



A poboación total do barrio sitúase nas 7.102 persoas, que representan o 7,5 % do total da poboación da cidade. O municipio de Santiago de Compostela cifra a súa poboación total⁴ en 95.207 habitantes.

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012


Táboa nº3 : Distribución da poboación por sexo e idade

GRUPOS DE IDADE	HOMES			MULLERES			TOTAIS	
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V
Menos de 5 anos	173	5%	57%	129	3%	43%	302	4%
Entre 5 e 9 anos	133	4%	49%	138	4%	51%	271	4%
Entre 10 e 14 anos	147	4%	58%	107	3%	42%	254	4%
Entre 15 e 19 anos	123	4%	47%	138	4%	53%	261	4%
Entre 20 e 24 anos	172	5%	51%	164	4%	49%	336	5%
Entre 25 e 29 anos	220	7%	45%	272	7%	55%	492	7%
Entre 30 e 34 anos	351	11%	48%	383	10%	52%	734	10%
Entre 35 e 39 anos	365	11%	50%	363	10%	50%	728	10%
Entre 40 e 44 anos	276	8%	48%	299	8%	52%	575	8%
Entre 45 e 49 anos	233	7%	44%	293	8%	56%	526	7%
Entre 50 e 54 anos	198	6%	47%	227	6%	53%	425	6%
Entre 55 e 59 anos	164	5%	42%	224	6%	58%	388	5%
Entre 60 e 64 anos	184	6%	44%	234	6%	56%	418	6%
Entre 65 e 69 anos	179	5%	45%	220	6%	55%	399	6%
Entre 70 e 74 anos	112	3%	40%	167	4%	60%	279	4%
Entre 75 e 79 anos	125	4%	40%	184	5%	60%	309	4%
Entre 80 e 84 anos	77	2%	36%	139	4%	64%	216	3%
Entre 85 e 89 anos	29	1%	24%	93	2%	76%	122	2%
Entre 90 e 94 anos	19	1%	35%	36	1%	65%	55	1%
Entre 95 e 99 anos	6	0%	50%	6	0%	50%	12	0%
TOTAL	3286	100%	46%	3816	100%	54%	7102	100%

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

⁴ Segundo datos facilitados polo Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Santiago. Maio 2012

Gráfico nº3: Distribución da poboación do barrio de San Pedro por sexo



O total da poboación do Barrio de San Pedro situase nos 7.102 habitantes. Deste total o 46% son homes e o 54 % mulleres. A media de idade do barrio é de 43 anos e unha desviación típica do 15,60.

O tamaño medio das familias do barrio é de 2,5 persoas

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Co obxectivo de analizar a presenza de colectivos considerados dende o ámbito social dunha especial vulnerabilidade vamos analizar uns grupos determinados que ao noso parecer pode influír na posterior planificación.


Entre os grupos de poboación que vamos detallar estaría os de persoas maiores,persoas dependentes, poboación estranxeira, ... grupos considerados de especial vulnerabilidade na zona que estamos a analizar.

Táboa nº4 : Distribución de persoas maiores que viven solos por sexo

	Nº	%
HOMES	54	19,7%
MULLERES	219	80,2%
TOTAIS	273	100%

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012


Gráfico nº4: Distribución da poboación maior por sexo



Do total de maiores que viven solos que ascenden a 273 persoas, a maioría son mulleres. Máis do 80% das persoas maiores que viven solas.

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Gráfico nº5: Distribución da poboación maior do barrio



Do total de persoas maiores do barrio 1.392 persoas, viven solas o 19,6%. Unha porcentaxe elevada a ter en conta en calquera planificación social

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Gráfico nº6: Distribución da poboación maior que vive soa en relación ao total do barrio



Partindo do total da poboación do barrio, 7102 habitantes os maiores que viven solos supón o **3,8%** da poboación.


En toda a cidade a porcentaxe de persoas maiores que viven sola é do 19,6%.

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Por rúas as persoas maiores soas concéntranse maioritariamente nas seguintes zonas:

- Avenida de Lugo: 57 persoas
- Rúa Betanzos: 23 persoas
- Quiroga Palacios: 22 persoas
- Corredoira de Fraguas: 19 persoas
- Concheiros: 17 persoas

Gráfico nº7: Distribución da poboación maior que vive soa por rúas



Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Táboa nº5 : Distribución das persoas en situación de dependencia pola variable sexo

	UTS PORTA CAMIÑO (Barrio de San Pedro)	
	Nº	%
Homes	15	28,3
Mulleres	38	71,7
TOTAIS	53	100,0

Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012

Gráfico nº8: Porcentaxe de poboación en situación de Dependencia no Barrio de San Pedro




A porcentaxe de persoas dependentes no barrio está próxima ao 1% (0,75%).

Debese sinalar que a poboación dependente do barrio de San Pedro supón o 63,10 % do total de persoas dependentes das uts de referencia (Porta do Camiño).

Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012

Gráfico nº9: Poboación en situación de dependencia por sexo



A maioría das persoas en situación de dependencia no barrio son mulleres

Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012


Táboa nº6: Distribución das persoas en situación de dependencia en relación ao grao

Clasificación por Graos		UTS Porta do Camiño Barrio de San Pedro	
		Nº	%
GRAN DEPENDENCIA	Grao III, nivel 2	7	13,2
	Grao III, nivel 1	7	13,2
DEPENDENCIA SEVERA	Grao II, nivel 2	5	9,4
	Grao II, nivel 1	6	11,3
DEPENDENCIA MODERADA	Grao I, nivel 2	4	7,5
	Grao I, nivel 1	7	13,2
Pendientes de valoración		10	18,9
Sen grado		7	13,2
TOTAIS		53	100,0

Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012


Do total de persoas valoradas de dependencia no barrio a maior porcentaxe son grandes dependentes, supón o 26,4% do total de expedientes valorados.

Gráfico nº10: Persoas en situación de dependencia por grados




Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012

Gráfico nº11: Persoas en situación de dependencia por graos



Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012

Gráfico nº12: Persoas en situación de dependencia segundo o estado do expediente de valoración de dependencia



Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012

Táboa nº 7: Número de integrantes das unidades familiares de convivencia das persoas en situación de dependencia.

Nº de convivientes	Nº	%
Vive a persoa	11	20,8
2 membros na unidade de convivencia	21	39,6
3 membros na unidade de convivencia	9	17,0
4 membros na unidade de convivencia	7	13,2
5 membros na unidade de convivencia	3	5,7
6 ou máis membros na unidade de convivencia	2	3,8
TOTAL	53	100,0

Fonte: Datos uts Porta do Camiño. Elaboración propia. Maio 2012

A maioría dos fogares de dependentes está constituído por 2 persoas e o número de dependentes que viven solos supón o 20,8% dos expedientes.

Maioritariamente as persoas en situación de dependencia sitúanse nas seguintes rúas:

- ✚ Avda de Lugo: 8 persoas
- ✚ Quiroga Palacios: 5 persoas
- ✚ San Pedro: 4 persoas
- ✚ Concheiros: 3 persoas
- ✚ Costa do Veedor: 3 persoas

Táboa nº8 : Distribución de persoas estranxeiras por sexo

	Nº	%
HOMES	278	42,4%
MULLERES	378	57,6%
TOTAIS	656	100%

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Gráfico nº13 : Porcentaxe da poboación estranxeira no barrio de San Pedro



A poboación inmigrante supón o 9,2% do total da poboación do barrio (656 persoas).

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Nas rúas Avenida de Lugo e Rodríguez de Viguri concéntrase a maioría da poboación procedente doutros países.


Un total de 395 persoas proceden de América do sur entre os que destaca sobre todos os procedentes de Paraguai e Brasil. A poboación estranxeira latinoamericana suporía o 55,6% do total da poboación inmigrante do barrio. Na zona tamén se asentan outros grupos, o 6,5 % da é de orixe marroquí; o 24,2% do total da poboación inmigrante da zona procede de países europeos.

Táboa nº9 : Clasificación e agrupación da poboación estranxeira.

De países das zonas de	Nº	%
Europa	163	24,8
América Norte	2	0,3
Centroamérica	4	0,6
América Sur	391	59,6
África	61	9,3
Asia	14	2,1
Oceanía	21	3,2
Total	656	100,0

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012.

Gráfico nº14 : Orixe da poboación estranxeira no barrio de San Pedro




Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012.

Táboa nº 10: Distribución das persoas pertencentes ao pobo xitano residentes no barrio de San Pedro.

GRUPOS DE IDADE	HOMES			MULLERES			TOTAL	
	Nº	% V	% H	Nº	% V	% H	Nº	% V
-Menos de 6 anos	2	18,2	40,0	3	18,75	60	5	18,5
De 6 a 12 anos	5	45,5	50,0	5	31,25	50	10	37,0
De 13 a 16 anos	1	9,1	50,0	1	6,25	50	2	7,4
De 17 a 18 anos	0	0,0	0,0	2	12,5	100	2	7,4
De 19 a 64 anos	3	27,3	37,5	5	31,25	62,5	8	29,6
De 65 anos ou mais	0	0,0	0,0	0	0	0	0	0
TOTAL	11	100,0	40,7	16	100	59,3	27	100

Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Porta do Camiño, maio 2012.

Gráfico nº15 : Comparativa poboación xitana co total da poboación do barrio




Fonte: Datos rexistrados dende a UTS Porta do Camiño, maio 2012.

O total da poboación xitana no barrio non supón unha porcentaxe significativa. Si é significativa no conxunto da uts e sitúase fundamentalmente nos arredores do barrio de San Pedro (Almáciga, ...)

Parécenos importante chegados este punto sinalar algúns datos sobre o traballo realizado dende o Programa municipal de Apoio Socioeducativo⁵ presentando algúns datos sobre o traballo realizado con familias do barrio de San Pedro.

O número total de familias pertencentes ao Barrio de San Pedro que participan no programa é de 18 unidades familiares sobre un total de 126 familias no total do municipio. Este total de familias supón un total de 63 persoas beneficiarias.

Gráfico nº16 : Comparativa entre familias beneficiarias do Programa Socioeducativo




Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012.

Con estas familias realízase un traballo técnico dende distintos ámbitos (social, educativo e psicolóxico) co obxectivo de realizar unha intervención profesional, previo diagnóstico, e abordar distintas problemáticas: falta de habilidades, dificultades de comunicación entre os membros familiares, déficits formativos, carencias persoais, económicas, etc.

Dos distintos tipos de intervencións realizadas o 89% das familias reciben apoio socioeducativo e o 11% apoio psicolóxico.

⁵ Datos facilitados e elaborados pola Educadora Social do Programa Socioeducativo municipal


Gráfico nº17 : Tipo de intervencións realizadas no Programa Socioeducativo



Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012.

Segundo os datos facilitados polo Programa Socioeducativo municipal das familias do barrio de San Pedro que participan no programa o 33% é poboación estranxeira e o 11% pertence ao colectivo xitano.

Gráfico nº18 : Orixe das familias do Programa Socioeducativo



Fonte: Datos rexistrados dende o Programa municipal Socioeducativo, maio 2012.

II.4.- Vivenda, infraestruturas e equipamentos

II.4. 1.- Vivenda

A cidade de Santiago de Compostela creceu de forma continua dende 1900. Ata entrado o século XIX, Santiago mantense intramuros, e non se empeza a expandir ata despois de 1860, cando se expande ao longo das principais entradas de acceso á cidade. En 1865 constrúese a **Rúa de San Pedro** comunicando a cidade con Lugo.


En 1960 a cidade empeza a crecer radicalmente, como consecuencia da súa propia dinámica económica, de modo que se rexistra un gran desenvolvemento na construción, crease un pequeno tecido industrial e terciarízase en boa medida a actividade. É un momento de construción masiva en vertical no Ensanche e nos barrios próximos ao Casco Histórico (**San Pedro, Belvís, San Roque...**) propiciado por factores como as boas condicións económicas ao amparo das remesas de aforros chegados da emigración que se invisten no sector inmobiliario, abundante man de obra, financiación pública... Neste momento xurden tamén novos espazos como os barrios dos entornos de San Roque- San Caetano, e **Belvís-Concheiros-Avenida de Lugo**.⁶

No barrio de San Pedro existen un total de 2.836 vivendas distribuídas nun total de 39 rúas. O maior número de vivendas concéntrase na Avenida de Lugo (21% das vivendas), Quiroga Palacios (9,3%), Home Santo (8,22%) e Concheiros (7,65%).

Moitos dos edificios do barrio están construídos nas décadas dos sesenta e setenta do século pasado.

⁶ Análise da Poboación Urbana de Santiago de Compostela. José Antonio Vázquez Aldrey.

Gráfico nº19 : Número de vivendas por rúas



O número de vivendas alcanza na avenida de Lugo ás 593, comprensible tendo en conta as dimensión da rúa e o tipo de edificios que a compoñen

Fonte: Padrón Municipal de Habitantes. Elaboración propia na uts Porta do Camiño. Maio 2012

Nos últimos anos produciuse na zona unha recuperación de espazos degradados ou de uso privativo para integrais, unha vez abertos, ao uso público. Estes espazos recuperáronse, como espazo habitado e usado, tanto na súa faciana patrimonial como ambiental. Desde o ano 1994 existe unha importante política de rehabilitación de edificios coa incorporación de novos espazos de uso público.

Nestas actuacións hai que subliñar as recuperacións parque de Bonaval e parque de Belvís.

Esta política que existe tanto na rehabilitación de inmobles privados como públicos ten lugar realmente sobre a zona que está dentro do Plan Especial do Casco Histórico e non no resto do barrio. Os barrios creados nos anos 60-70 están moi necesitados de intervencións deste tipo. En San Pedro algunhas rúas -que comparten estas características-, tamén. De aquí se derivan as súas deficiencias interiores, a falta de ascensores, etc.

II.4. 2.- Infraestruturas e equipamentos⁷.

Un dos factores para medir o grao de calidade de vida nunha cidade e a superficie e a distribución de zonas verdes que permiten gozar do tempo de ocio, da práctica de deporte ao aire libre e do contacto directo coa natureza. Santiago de Compostela conta con 2.200.000 metros cadrados de espazos verdes distribuídos en 57 parques con xogos infantís, 43 polideportivos descubertos e 130 zonas de ocio. Desglosamos un pouco mais as infraestruturas e equipamentos do barrio:

a).- EQUIPAMENTO DEPORTIVO:

O barrio non dispón dunha ampla oferta de instalacións deportivas, na súa contorna existen diferentes oportunidades neste eido. A continuación detallamos os que están situados dentro do barrio.

a.1.- Pistas deportivas:

<i>Pistas de tenis San Caetano</i>	Sitas na rúa Rodríguez de Viguri. Instalacións que en realidade se usan para baloncesto
<i>Pavillón Municipal Apóstolo Santiago</i>	Almáciga s/n <u>Características das instalacións:</u> medidas da pista: 40x20, superficie: cemento, nº vestiarios xogadores: 4, nº vestiarios árbitros: 1 Aforo: 250 <u>Actividades que se practican:</u> Educación física escolar do colexio público Apóstolo Santiago, escolas deportivas de fútbol sala e patinaxe, fútbol sala de competición escolar e adultos. <u>Categoría das competicións:</u> Fútbol sala: deporte escolar da Xunta de Galicia; liga local de nenos na categoría benxamín, alevín, infantil, cadete e senior; torneo liceo a paz. Patinaxe: escolas deportivas.
<i>Pistas ao descuberto no parque de Belvis</i>	Recinto para fútbol-7, campo de herba artificial. Dispón de aseos e vestiarios para xogadores e árbitro, iluminación e un peche perimetral.

⁷ Fonte: www.santiagodecompostela.org

b).- PARQUES:

b.1.- PARQUE DE BELVIS:

O parque de Belvís, cunha superficie total de máis de 7 hectáreas, é unha zona verde situada nas marxes da cidade histórica a menos de cinco minutos a pé do Mercado de Abastos e a uns 10 minutos da Catedral. Un parque que forma unha valgada marcada polo regato do Cancelón, con moitos elementos e potencialidades que se van desenvolvendo paulatinamente, sempre conservando os elementos de valor e os diferenciais, como algunhas árbores idosas . O novo parque, que ocupa case 500 metros cadrados, incorporando novos elementos de xogo, uns para nenos de 1 a 6 anos e outros para nenos de 6 a 12 anos, destacando as randeiras con suxeición, a randeira de uso conxunto e apto para nenos con discapacidade e un conxunto de elementos diferentes dos que existen noutros parques da cidade, xunto con outros elementos de multixogo.

O propio nome do parque, Belvís, semella proceder da expresión *bela vista*, o que é moi apreciable dende a parte alta do parque ou dende a rúa homónima. Esta área verde conta hoxe cun miradoiro, pérgola de glicinia na parte alta, con dúas zonas de hortas, unha na beira esquerda do regato e outra na beira dereita. Na zona Sur unha parte do antigo curtidoiro foi rehabilitado para funcionar como futuro Centro de Interpretación Medio Ambiental. O edificio doutra curtidoría está neste momento en rehabilitación e terá un uso cultural.

O parque é un corredor peonil entre o barrio de San Pedro, Fontiñas e o Ensanche pero que non se usa maiormente como tal pola falta de camiños axeitados, accesibles e seguros para os peóns. O parque, en xeral, ten unha potencialidade enorme para o barrio e a cidade.

b.2.- HORTAS DE BELVIS

As hortas municipais do Parque de Belvís son 29 parcelas, duns 60 metros cadrados cada unha, preparadas para a súa explotación hortícola mediante prácticas agrícolas ecolóxicas ou, cando menos, tradicionais. O Concello cede o uso destas hortas á veciñanza nos termos en que se establece na Ordenanza Municipal específica de uso das hortas.

Cada parcela está identificada cun número e co nome da persoa que a cultiva. Existe un espazo de usos comúns con aseos e vestiarios, que dispón de ferramentas para traballar a terra, regadeiras, auga para regar, mesas e bancos e un taboleiro de anuncios.

A todo isto hai que engadir un horto común e experimental onde hai plantados tomates, pementos, cebolas e repolos, e un xardín con plantas aromáticas como romeu, xasmín ou menta.

As xentes das hortas formaron unha pequena comunidade, que á súa vez se divide en dúas, segundo a localización das hortas.

b.3.- MERCADO *ENTRE LUSCO E FUSCO*

A actividade do MERCADO *ENTRE LUSCO E FUSCO*, que ten lugar nas tardes dos martes. Todos os martes celébrase en Belvís o mercado "Entre lusco e fusco"

O proxecto do **Mercado entre lusco e fusco** consiste na organización dun mercado celebrado os **martes pola tarde** con produtos locais, ecolóxicos e de comercio xusto.

A idea naceu da necesidade de ofrecer unha alternativa de mercado as persoas que por ter horarios laborais incompatibles co dos mercados tradicionais, carecían da oportunidade de adquirir produtos frescos e de calidade en contacto directo cos produtores.


B) Zona verde con xogos: A Trisca

C) Parque San Domingos de Bonaval

O parque de San Domingos de Bonaval é un xardín histórico creado no 1994 a partir do antigo recinto de Bonaval. Conta con 36.963 m² de superficie. Está situado na zona vella, entre as rúas de Teo, Costiña do Monte, Escultor Asorei, Travesa de Santa Clara, San Roque, Ramón María del Valle-Inclán e Rúela da Caramoniña.

Conta con diferentes compoñentes: unha carballeira, unha horta e un antigo camposanto. Os valores artísticos deste parque son o convento de San Domingos de Bonaval, a igrexa de San Domingos de Bonaval, o Centro Galego de Arte Contemporánea, a Porta da Música, o Cromlech, a Escultura de Viga e o Cromlech Praza da Angustia. Os valores culturais son o Museo do Pobo Galego, o Museo Municipal de Santiago, o Centro de Restauración de Galicia, o Museo de Arte Contemporánea e o Panteón de Galegos Ilustres

No seguinte mapa podemos visualizar as zonas verdes existentes no barrio⁸:



⁸ Documento facilitado por Parques e Xardíns. Concello de Santiago

II.4.3.- Outros Recursos situados no barrio

DENOMINACIÓN	SITUACIÓN
CENTRO SOCIOCULTURAL DA TRISCA	Corredoira das Fraguas, 92 15703 Tfno.:981 54 31 91
ALBERGUE SEMINARIO MENOR	Avenida de Quiroga Palacios, s/n 15703 881 03 17 68
CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORANEA	Rúa de Ramón del Valle-Inclán 15704 981 54 66 19
ENTIDADES BANCARIAS	Banco Gallego Avda. Rodríguez de Viguri, 3 981 56 22 29
	Banco Popular R/ Concheiros, 41 902 30 10 00
	Caixa Nova R/ Concheiros, 45 15701 981 552 599
	Banesto R/ Concheiros 1 981 58 41 53
	Banco Pastor R/ Concheiros, 22 981 55 23 50
	La Caixa R/ Concheiros, 35 881 03 09 30
CENTROS EDUCATIVOS	CEIP APÓSTOLO SANTIAGO Almáciga, s/n (Betanzos, 55) - 15704 Principal/Fax » 981 543 172 Ceip.apostolo.santiago@xunta.es
	CEIP JUVENTUD R/CONCHEIROS,43 15703 981587597 cpr.juventud@edu.xunta.es
	CEIP VILAS ALBORADA Corredoira das Fraguas, 26-28 - 15703 Tlf.981 585 791 cpr.vilas.alborada@edu.xunta.es
FARMACIAS	Home Santo de Bonaval, 29 981 587 638
	Rúa de San Pedro, 61 981 587 005
	Rodríguez de Viguri 12
	Costa Veedor 67 981 587887
	Concheiros 17, baixo 981588840


MUSEO DO POBO GALEGO		Costa de San Domingos 15703 981 58 36 20
SERVICIOS DA ADMINISTRACION PUBLICA	RESIDENCIA- FOGAR DA 3ª IDADE PORTA DO CAMIÑO	Rodas, 2(15704) 981 583 000 Fax » 981 583 532 administracion.porta.do.camino@xunta.es
	CENTRO SOCIOCUMITARIO PORTA DO CAMIÑO	C/ As Rodas, 2 (15704) 902 095 310
TECIDO ASOCIATIVO	NAIS E PAIS	ASOCIACIÓN DE PAIS DE ALUMNOS Apóstolo Santiago Email: anpa@colegioapostol.com
		ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS COLEXIO "JUVENTUD"
		ANPA VILAS ALBORADA
	ASISTENCIAIS	ASOCIACION PLATAFORMA POLO EMRPEGO Rúa dos Concheiros nº 33 1º 15703 Tfno.: 981 580 506 Fax:981 580 506 plataformaemprego@yahoo.es
		CRUZ VERMELLA Avda. de Lugo s/n 981586969 santiago@cruzroja.es
		ASOCIACIÓN EMIGRANTES RETORNADOS "MARUSÍA" Rúa Campo de San Antonio, 12
		ASOCIACIÓN GALEGA DE FIBROMIALXIA "AGAFI" Rúa Home Santo nº10, Baixo 981574593 galicia@agafi.org
		FEDERACIÓN DE ENTIDADES E ORGANIZACIÓNS PROTECTORAS DE PERSOAS AUTISTAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Rúa Rodríguez de Viguri nº35 981589365 responsable.administracion@autismogalicia.org
	VECÍÑAIS	ASOCIACION VECIÑAL A XUNTANZA Corredoira das Fraguas, 37 baixo Barrio de San Pedro 15703 Santiago de Compostela info@xuntanza.org
		ASOCIACIÓN DE VECÍÑOS AMIGOS DE SAN PEDRO Corredoira das Fraguas, 92 Teléfono: 981570890

TECIDO ASOCIATIVO	XUVENÍS	CENTRO XUVENIL DON BOSCO	Rúa Belvís 2 Santiago de Compostela A Coruña 15703 España Teléfono: 981 582243 Fax: 981 570263 www.cxdonbosco.org
		ARELA XOVE	Rúa Belvís 2 981582243
	CULTURAIS	ASOCIACIÓN CULTURAL DO BARRIO DE SAN PEDRO	Corredoira das Fraguas, 37 baixo Barrio de San Pedro 15703 Santiago de Compostela
		ASOCIACIÓN CULTURAL ESPACIO ABERTO	Rúa de San Pedro nº48, Baixo 981588290 info@espazoaberto.net
		ASOCIACIÓN CULTURAL PÓRTICO DA GLORIA	Avda. Quiroga Palacios nº50 porticodagloria@yahoo.es
		ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ESTORNELA	Rúa Home Santo nº40, 2ª 981588296 michinho@yahoo.com
		BRINCADEIRA- Grupo de baile e música tradicionais	Rúa de Home Santo nº62, Baixo 625600692 gbrincadeira@gmail.com
DEPORTIVAS		SAN PEDRO F.C	sanpedrocf@gmail.com 650482291
		CLUBE XADREZ GALLAECIA	Rúa San Pedro nº38 – A 655040567
		ANGUSTIAS C.F.	Rúa Home Santo nº53 escaleira B1 981569880 angustiacf@hotmail.com
		CLUBE DEPORTIVO BELVÍS	Parque Belvís 2
OUTRAS		PARROQUIA DE SAN PEDRO	Rúa de San Pedro nº108 981586916
		ROUPERO SAN PEDRO	Rúela de Fontiñas, 8 (enfrente da igrexa de San Pedro) 981586916


II.4.3.- Comunicación

O barrio de San Pedro presenta un nivel de comunicación alto con outras zonas do municipio, sen embargo dende o barrio considerase que o nivel de información sobre este servizo é baixo. As liñas de transporte urbano existentes en maio de 2012 que pasan polo barrio son as que a continuación se detallan⁹:


Liña C11: Circular de Fontiñas




Liña 9: Casas Novas / Viso / Multiusos / Cidade da Cultura



Liña 13: Belvis / Praza de Galicia / Xeneral Pardiñas



Liña 6: San Marcos / Os Tilos



⁹ Fonte: www.santiagodecompostela.org

Liña C2: Est. de autobuses / Fontiñas / Hospitaís / Vite / Est. de autobuses



De luns a venres

7:15 7:40 8:20 8:40 9:20 10:00 10:40 11:20 12:00 12:40 13:20 14:00 14:40 15:20 16:00 16:40 17:20 18:00 18:40 19:20 20:00 20:40 21:10 21:40

Sábados

De 7:15 a 21:15 (cada 60 min.).

Domingos e festivos

De 7:15 (*) a 21:15 (cada 60 min.).

Observacións horario

* (*) Domingos e festivos, ás 7:10 desde Santa Isabel.

* Sábados, domingos e festivos: o servizo con saída da estación de autobuses ás 21:15 realizará a saída do hospital Clínico ás 22:15, voltando á estación e rematando en Fontiñas.

* Itinerario por FONTIÑAS: rúas Roma, Moscova, Madrid, París, Londres, Lisboa e Berlín.

* Pasos aproximados polo hospital Clínico: 35 minutos despois das saídas da estación.

Liña C5: Pol. Costa Vella / Amio / Praza de Galicia / Paxonal / Amio / Pol. Costa Vella



De luns a venres laborables

De 7:30 a 22:30 (cada 60 min.).

Sábados laborables

De 7:30 a 14:30 (cada 60 min.).

Observacións horario

* Todos os servizos rematan na rúa Eslovenia (polígono de Costa Vella), excepto o das 8:30 que se prolonga ata o final do polígono.

* Servizos de fin de semana a Amio: consultar liña 6.

Liña C6: Pol. Costa Vella / Amio / Paxonal / Praza de Galicia / Amio / Pol. Costa Vella

Liña P4: Praza de Galicia / Sionlla

Liña circular



De luns a venres laborables

De 8:05 a 22:05 (cada 60 min.).

Sábados laborables

De 8:05 a 15:05 (cada 60 min.).

Observacións horario

* Todos os servizos rematan na rúa Eslovenia (polígono de Costa Vella), excepto ás 8:05, 9:05, 13:05, 14:05 e 15:05 que se prolongan ata o final do polígono.


* Servizos de fin de semana a Amio: consultar liña 6.



De luns a venres laborables

14:10 19:00

Traxecto de volta



De luns a venres laborables

7:20 15:10 19:30

Observacións horario

* A saída da Sionlla de 19:30 remata no polígono de Tambre (Donuts, enlace coa liña 1).



De luns a venres

Porta do Camiño - Peregrina, 7:20 8:30* 9:30 10:30 11:30 13:30 14:30* 18:30 19:30* 21:00 22:00
(* desde San Caetano)

Porta do Camiño - Grixoa, 7:20 11:30 14:30* 19:30*
(* desde San Caetano)

Sábados

Porta do Camiño - Peregrina, 8:00 12:30 21:30
Porta do Camiño - Grixoa, 8:00 12:30

Domingos e festivos

Porta do Camiño - Peregrina, 21:30



De luns a venres

Peregrina - Porta do Camiño, 7:00 7:50* 9:00 10:00 11:00 12:20 14:00* 15:30* 19:00* 20:30* 21:30
(* ata San Caetano)

Grixoa - Porta do Camiño, 7:40* 12:10 15:15* 20:15*
(* ata San Caetano)

Sábados

Peregrina - Porta do Camiño, 9:00 13:30 22:00
Grixoa - Porta do Camiño, 8:45 13:15

Domingos e festivos

Peregrina - Porta do Camiño, 22:00

Observacións horario

* Os servizos das 7:40, 14:00, 19:00 e 21:30 saíran desde Miramontes con dirección á Porta do Camiño.

* Os servizos das 13:30, 18:30 e 21:00 saíran desde a Porta do Camiño ata Miramontes.

II.5.- A modo de conclusión: unha radiografía social do barrio.

DATOS XERAIS DO BARRIO A NIVEL SOCIAL	FACTORES QUE PODEN CONDICIONAR A VULNERABILIDADE SOCIAL
▪ <u>Total de habitantes:</u> 7.102 (≈ 7 % da poboación total do municipio). ▪ <u>Media de idade:</u> 43 anos. ▪ <u>Distribución poboacional:</u> ○ Menores de idade: 1.088 (15,3 %). ○ Xuventude: 828 (11,7 %). ○ Persoas adultas: 3.794 (53,4 %). ○ Persoas maiores: 1.392 (19,6 %). ▪ <u>Tamaño medio por familia:</u> 2,5 membros. ▪ <u>Nº de vivendas:</u> 2.836.	▪ <u>Persoas maiores que viven soas:</u> 273 (3,8 % da poboación do barrio). ▪ <u>Persoas en situación de dependencia:</u> 53 (0,74 % da poboación). ▪ <u>Persoas estranxeiras:</u> 656 (9,2 % da poboación do barrio). ▪ <u>Poboación xitana:</u> 23 (0,32 % da poboación do barrio). ▪ <u>18 unidades de convivencia son beneficiarias do programa municipal socioeducativo</u>, que representa o 14 % da totalidade do programa. ▪ <u>63 persoas con factores de risco social:</u> 0,88 % da poboación do barrio.

II.6.- Servizos

II.6.1.- Servizos e entidades presentes no barrio:

- ✚ Centro Sociocultural da Trisca.
- ✚ Cáritas Parroquial de San Pedro.
- ✚ Cruz Vermella
- ✚ Asociación Plataforma Polo Emprego
- ✚ Centro Don Bosco
- ✚ CEIP Apóstolo Santiago.
- ✚ Colexio Vilas Alborada
- ✚ Colexio Xuventude.

II.6.2.- Tecido asociativo presente no barrio:

a).- No ámbito cultural:

- ✚ Asociación Cultural do barrio de San Pedro
- ✚ Asociación Cultural Espazo Aberto
- ✚ Asociación Cultural Pórtico da Gloria
- ✚ Asociación Sociocultural Estornela
- ✚ Brincadeira: grupo de baile e música tradicionais
- ✚ Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco
- ✚ Asociación xuvenil centro xuvenil Don Bosco
- ✚ Grupo Scouts Khanihwara

b).- No ámbito deportivo:

- ✚ Clube de Xadrez Gallaecia
- ✚ Clube Angustias, FC
- ✚ Clube Deportivo Belvís
- ✚ Clube Deportivo Don Bosco
- ✚ Deportiva Apóstolo Santiago (ADEAS)
- ✚ Fútbol Club Campo da Angustia
- ✚ San Pedro FC

c).- No ámbito educativo:

- ✚ Asociación de pais de alumnos Apóstolo Santiago
- ✚ AMPA Colexio “Juventud”
- ✚ ANPA Colexio Vilas Alborada

d).- No ámbito social:

- ✚ Fegamur. Federación galega de mulleres rurais
- ✚ Asociación de Emigrantes retornados “Marusía”
- ✚ Asociación Galega de fibromialxia. AGAFI
- ✚ Asociación veciñal “A Xuntanza”
- ✚ Asociación de Veciños “Amigos de San Pedro”

II.6.3.- Outros servizos e entidades

- ✚ Centro de saúde de Fontiñas
- ✚ UMAD. Concello de Santiago
- ✚ IES Antonio Fraguas
- ✚ ARELA centro de día
- ✚ Servizos sociais Comunitarios. Concello de Santiago
- ✚ UAF: Unidade de Atención ás Familias. Concello de Santiago

II.6.4.- Oportunidades comunitarias do barrio:

- ✚ Centro Sociocultural de Fontiñas
- ✚ IES Antonio Fraguas de Fontiñas
- ✚ Colexio “La Salle”
- ✚ Colexio San Pelaio-Enma
- ✚ Colexio San Francisco Javier
- ✚ Cáritas Interparroquial de Santiago
- ✚ Centro de Traballo e Cultura de Cáritas
- ✚ Escola Municipal de Música
- ✚ Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga
- ✚ Estación de Autobuses
- ✚ Estación do Tren
- ✚ Oficina de Emprego Norte

II.6.5.- Descrición de Servizos e entidades que forman parte do traballo comunitario

Nome da entidade: **CÁRITAS PARROQUIAL SAN PEDRO**

Enderezo: R/ San Pedro nº108, Baixo

Telefono: 981 58 69 16

E-mail: spedroparroquia@terra.es

Obxectivos:

- Asistencia primaria
- Promoción
- Denuncia de situacións inxustas

Actividades: Asistencia Primaria:

☒ Vales tenda

☒ Roupeiro

☒ Libros escolares, alugueres, etc.

Promoción: busca de emprego á xente

Denuncia de situacións de abandonados

Horarios: Roupeiro: luns e xoves de 17-19 h

Vales tenda: luns ás 18:30 -19:30 h

Despacho: luns a venres de 17:30 a 19 h

Ximnasia para mulleres: martes e venres ás 17:00 h

Nome da entidade:

CENTRO DON BOSCO

Enderezo:

R/ Belvís nº2

Telefono:

981 58 22 43

E-mail:

cxdonbosco@cxdonbosco.org

Obxectivos:

Facilitar á mocidade un ocio educativo en diferentes ámbitos

Promover voluntariado e solidariedade na mocidade

Formación

Traballar en prevención e integración coa mocidade

Actividades:

Actividades de conciliación en vacacións escolares

Actividades deportivas, Scouts, ludoteca.

Apoio escolar

Instalacións abertas todos os días

Cursos de formación en tempo libre

Acollida e apoio a peregrinos

Horarios:

Mañá e tarde

Oficina pola mañá

Nome da entidade: **Asociación Veciñal A XUNTANZA**

Enderezo: R/ Corredoira das Fraguas nº37, Baixo

Telefono: 606 985 280

E-mail: info@axuntanza.org

Obxectivos: Mellorar o barrio
Dinamización social, económica e cultural do barrio

Actividades: Información, divulgación
Dinamización do tempo libre
Planificación, reflexión e reivindicación

Horarios: Todo o día. Fundamentalmente pola tarde

www.axuntanza.org

www.facebook.com/axuntanza

Nome da entidade: **CENTRO SOCIOCULTURAL A TRISCA**

Enderezo: R/ Corredoira das Fraguas nº92 15703

Telefono: 981 54 3191

Fax: 98154 31 92

E-mail: cstrisca@santiagodecompostela.org

Actividades: Diversas actividades socioculturais infantil, adultos e maiores

Horarios: De martes a sábado de 10-14 h e de 17-21 horas para atención ao público

Nome da entidade: CENTRO DE DÍA ATENCIÓN INTEGRAL “ARELA”

Enderezo:	R/ Doutor Teixeira nº35, 3º
Telefono:	637 75 61 47 / 981 57 22 04
E-mail:	teixeiro@arela.org milabuninho@gmail.com
Obxectivos:	• Orientación e apoio ás familias na toma de decisións nos diferentes ámbitos da vida das nenas, nenos e adolescentes. • Desenvolvemento dun Proxecto Educativo Individualizado para cada nena, neno e adolescente.
Actividades:	Neste centro aténdese a 10 menores, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, en situación de risco social, derivados polo Equipo Técnico do Menor de A Coruña (pertencente á Xunta de Galicia).

Nome da entidade: CEIP APÓSTOLO SANTIAGO

Enderezo:	R/ Almaciga s/n
Telefono:	981 54 31 72
E-mail:	Ceip.apostolo.santiago@xunta.es
Actividades:	Actividade escolar de luns a venres de 9-14 horas Actividade extraescolar os martes de 16:30 a 18:30 h

Nome da entidade: **COLEXIO VILAS-ALBORADA**

Enderezo:	RÚA FRAGUAS 26-28
Telefono:	981585791
E-mail:	cpr.vilas.alborada@edu.xunta.es
Actividades:	AS PROPIAS DO SECTOR
Horarios:	MAÑÁN 10-13:30 TARDE 15:30-17:30 GARDERÍA: 8-10 e 17:30-19:30

Nome da entidade: **IES ANTONIO FRAGUAS - FONTIÑAS**

Enderezo:	R/ Londres nº10
Telefono:	981 58 84 98
E-mail:	ies.antonio.fraguas@edu.xunta.es
Actividades:	a.- Servizos: • 16 unidades de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO). 2 grupos de Diversificación Curricular. • Agrupamentos específicos e desdobres. • 7 unidades de Bacharelato coas modalidades de: Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía e Artes escénicas, Música e Danza (nova modalidade de Bacharelato). • Departamento de Orientación, con especialistas en Audición e Linguaxe e pedagogía terapéutica. • Biblioteca e punto lector. • Laboratorios. • Ximnasio. • Aulas de Plástica e Tecnoloxía. • Aulas de Música. • Novas tecnoloxías na maioría das aulas e instalación wifi en todo o centro. • Servizo de transporte escolar. b.- Programas:

- PROA. (Programa de Apoio a centros de Secundaria en zonas de atención preferente).
- “De BO ROLLO”, de habilidades sociais (UMAD, Concellería de Benestar Social).
- Programa de educación afectivo-sexual, en colaboración con XENEME.
- Programa de prevención de drogodependencias, en colaboración coa UMAD, Concellería de Benestar Social.
- Obradoiro de trastornos da alimentación, en colaboración coa Cruz Vermella.
- Programas de convivencia con Galicia Acolle e Asemblea de Cooperación pola Paz.
- Centro da rede europea “Escolas sen racismo”.
- Programa de educación intercultural con alumnado inmigrante en colaboración con IGAXÉS.
- Participación en CINENSINO. Programa de prevención de drogodependencias, englobado no programa de prevención para a saúde e que emprega como base para o traballo formativo o cine.
- PONTE NAS ONDAS. Experiencia educativa que se ven desenvolvendo dende 1995 grazas á cooperación entre escolas de Primaria e Secundaria de Galicia e do norte de Portugal.
- PROXECTO TERRA. É un proxecto de intervención educativa proposto polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que os escolares de Galicia deben ter da arquitectura galega, do seu contorno e da nosa identidade territorial.
- Proxecto COMENIUS: “Participación democrática e cidadanía na escola e no seu entorno” con centros de Alemaña, Letonia, Finlandia e Dinamarca.
- Club de lectura do alumnado “PROMETEO”.
- Club de lectura de profesorado “O CLUB DA LIBRETA”.
- Grupo de pintura “SINGULAR_ES”, formado por alumnado e profesorado.

c.- Actividades extraescolares e complementarias:

Horarios:

Centro: luns a venres de 8:45 a 14:25 h

Oficina: luns a venres de 9-14 h martes: 16:15 a 18:45 h

Biblioteca: luns a venres de 9 a 14:25 h

Nome da entidade:

ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO

Enderezo:

R/ Concheiros nº33, 1º

Telefono:

981 58 05 06

E-mail:

plataformaemprego@yahoo.es

Obxectivos:

A Plataforma polo Emprego é unha asociación na que participan diferentes entidades de carácter social de Santiago de Compostela: Asociación Casa Latinoamericana en Galicia, Asociación de Empregadas/os de Fogar Xiara, Asociación Fonte da Virxe, Asociación de Inmigrantes Gondwana, Asociación de Mulleres A Lagoa, Asociación de Mulleres Liberdade, Asociación de Mulleres Recandea, Asociación Veciñal A Xuntanza, Asociación Veciñal Polígono de Vite, Centro de Traballo e Cultura de Cáritas Interparroquial de Santiago, Centro Xuvenil Don Bosco, Coordinadora do Barrio de Vite, Cruz Vermella de Santiago, Fundación G-PRODIS e Fundación Secretariado Xitano.

Actividades:

SERVIZOS QUE OFRECEN

- ORIENTACION E INSERCIÓN SOCIOLABORAL
- PROMOCION DO EMPREGO (empresas de inserción laboral) E O EMPRENDEMENTO
- FORMACION TÉCNICA
- FORMACION SOCIOPROFESIONAL
- PROMOCION DE TRABALLO EN REDE E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

Horarios:

Luns a venres de 8-15 h

Nome da entidade:	CRUZ VERMELLA
Enderezo:	Avda. de Lugo s/n
Telefono:	981 58 69 69
E-mail:	santiago@cruzroja.es
Obxectivos:	Entidade humanitaria sen animo de lucro que desenvolve a súa actividade no eido da intervención social cos colectivos vulnerables e da cooperación internacional.
Actividades:	• Talleres de activación para persoas maiores. • Formación prelaboral para desempregados. • Orientación laboral. • Asesoramento a inmigrantes. • Espazo de procura activa de emprego. • Aulas gratuítas para entidades sen animo de lucro. • Aula de Informática. • Centro de Mediación Social para Menores. • Punto de Información Xuvenil. • Proxecto para persoas sen fogar. • Teleasistencia. • Axudas Técnicas para persoas con mobilidade reducida. • Programa de Acollemento Familiar. • Formación Sociosanitaria. • Campañas de sensibilización. • Voluntariado nos diferentes proxectos.
Horarios:	Luns a venres de 9-14 h e 16-19 h
	Venres de 9-15 h

Nome da entidade:

CENTRO DE SAÚDE DE FONTIÑAS

Enderezo:

Rúa Londres, nº 2-4.

Telefono:

981 57 76 70

Obxectivos:

- Promoción da saúde.
- Prevención da enfermidade.
- Asistencia sanitaria.
- Educación para a saúde.
- Traballo na comunidade.
- Xurídico-administrativa.

Actividades:

a.- Recursos sanitarios: Unidade de Saúde Mental, Centro de Orientación Familiar, Educación maternal, Fisioterapia, Farmacéutico

b.- Atención ao neno: Consultas no centro, Calendario de vacinacións, Revisións periódicas do neno san, Educación sanitaria.

c.- Atención ao adulto e ao ancián: Consulta no centro, Vacinación antigripal, Vacinación antitetánica, Enfermidades crónicas, Homologación sanitaria de receitas.

d.- Atención á muller: Planificación familiar, Diagnóstico precoz de cancro xinecológico ou de mama.

e.- Saúde mental: Orientación e tratamento de problemas mentais.

f.- Saúde bucodental: Educación para a saúde bucodental, Aplicación tópica de flúor, Selado de fisuras dos molares en nenas e nenos, de 6 a 14 anos, Limpeza (profilaxe) a xestantes, Obturacións (empastes) en molares definitivos con caries incipientes en nenas e nenos, de 6 a 12 anos, Extracción de pezas dentais.

g.- Unidade de Traballo Social: Tratamento de circunstancias asociadas a conflitos psicosociais relacionados coa saúde, Situacións de déficit social de menores, discapacitados, persoas en situación de dependencia, familias, persoas

maiores, etc., Alcoholismo e outras dependencias, Información e orientación de axudas para a recuperación de enfermos.

h.- Servizos administrativos: Cita previa, Tramitación de tarxeta sanitaria, Tramitación de reclamacións, Información á persoa usuaria das dúbidas formuladas, Elección de cambio de médico.

i.- Medios de apoio diagnóstico: Extraccións de sangue e recollida doutros materiais biolóxicos, Electrocardiograma.

Nome da entidade:

UNIDADE DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENTES (UMAD)

Enderezo:

R/ Manuel María nº8. Salgueiriños

Telefono:

981 52 87 87

E-mail:

umad@santiagodecomostela.org

Obxectivos:

Servizo público, pertencente á Area de Acción Social do Concello de Santiago de Compostela

Actividades:

a.- **Área de prevención:** material educativo para a saúde, cinensino, adestramento en habilidades sociais para adolescentes, prevención de condutas disruptivas, prevención de alcoholismo xuvenil, escola municipal de pais e nais, resolución de conflitos pais-fillo/as, formación ó profesorado, educación de rúa, kamelamos guinar: dirixido a minorías étnicas, en busca do tesouro: programa de prevención de drogodependencias dirixido a familias en situación de risco con nenos/as entre 6 12 anos.

b.- **Área de asistencia:** Orientación e acolida, programa libre de drogas, mantemento e desintoxicación con metadona, mantemento con naltrexona, redución do dano: intercambio de xiringas, dispensa de preservativos, prevención e control de tuberculose e hepatite B, vacinación da gripe e taller de consumo de menos risco, derivación a comunidades terapéuticas, uroanálise, asesoramento xudicial, prevención de recaídas, educación para a saúde, grupos de pais e nais.

c.- **Unidade de día:** Terapia de grupo, actividades grupais: deportivas, culturais, talleres, prelaborais, ocupacionais, formativas e de busca de emprego, habilidades sociais, grupos de pais e nais, aire libre, actividades manuais, revista, video-foro, etc.

d.- **Área de incorporación social:** Alfabetización e graduado de Ensino Secundario Obrigatorio, orientación e asesoramento laboral, taller de búsqueda de emprego, taller de xardinería, derivación a cursos do Plan FIP, preparación para a obtención do permiso de conducir.

Horarios:

Con carácter xeral, de luns a venres, de 8 a 15 horas e de 16 a 19 horas. Laboratorio, de luns a venres, de 8 a 15 horas e de 16 a 18:45 horas. Sábados e domingos, de 10 a 11:45 horas.

Nome da entidade:	UNIDADE DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS (UAF)
Enderezo:	R/ Manuel María nº6. Salgueiriños. Casa de Asociacións de Benestar Social
Telefono:	981 54 24 65 / 981 54 24 80
E-mail:	uaf@santiagodecomostela.org
Obxectivos:	Servizo público, pertencente á Area de Acción Social do Concello de Santiago de Compostela
Actividades:	a.- Prevención universal: • Programa de pais e nais para a educación. Trátanse temas relacionados coa comunicación, estilos educativos, relacións pais-fillos/-as, autoestima,... • Obradoiro de resolución de conflitos entre pais e fillos/-as adolescentes. Preténdese axudar a resolver problemas concretos durante esta etapa proporcionando técnicas e instrumentos para a súa resolución. b.- Prevención selectiva: diríxese á poboación que polas súas circunstancias ten un maior risco de presentar dificultades, entrenándoos en competencias que favorezan a diminución dos factores de risco. Dentro deste inclúense programas específicos de intervención con menores e adolescentes en situación de risco. c.- Prevención indicada: intervención familiar terapéutica e/ou socioeducativa con menores e adolescentes en situación de risco, co obxectivo de aumentar os factores de protección ante estas situacións.
Horarios:	De luns a venres, de 8 a 15 horas, previa cita. Pódese concertar no Centro Municipal de Servizos Sociais (sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4) e/ou no teléfono 981-54.24.65.

Nome da entidade:

SERVIZOS SOCIAIS: UTS PORTA DO CAMIÑO

Enderezo:

R/ Isaac Díaz Pardo nº4

Centro Municipal de Servizos Sociais

Telefono:

981 54 24 65

E-mail:

utsportacamino@santiagodecomostela.org

Obxectivos:

Servizo público, pertencente á Area de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela

Actividades:

a.- **Valoración, orientación e información** sobre programas, recursos e servizos, que contribúan á autonomía persoal e familiar. Por áreas, realízase tramitación e derivación a:

a.1.- Familia, infancia e mocidade: Axudas para a escolarización dos menores, acollemento de menores, Centro de día de menores, Garda de menores, Prestación económica de pago único por fillo menor a cargo.

a.2.- Maiores e/ou persoas con estado de saúde deficitario: Recoñecemento do grao de discapacidade, recoñecemento da situación de dependencia, coa mobilización dos recursos que correspondan, servizo municipal de axuda no fogar, teleasistencia domiciliaria, ingreso en centros residenciais, centros de día, respiro familiar: estadías temporais en centros residenciais, transporte adaptado 065, programa de novas tecnoloxías, axudas para facilitar a autonomía persoal e a accesibilidade, pensións non contributivas, acollemento familiar, bonobús, termalismo e turismo social, vacacións.

a.3.- Inclusión social: Programa Municipal de Inclusión Sociolaboral, proxecto municipal de medidas de apoio para a prevención e a integración social: axudas para solventar necesidades básicas e participar en itinerarios de inserción social, renda de integración social de Galicia (RISGA), axudas para situacións de emerxencia social.

b.- Apoio familiar, dirixida á prevención, detección precoz e oferta dunha primeira atención profesional, dende o ámbito do traballo social de zona, para minguar factores de risco que están condicionando a disfuncionalidade das familias,

que repercute negativamente no desenvolvemento persoal dos seus integrantes, en especial, dos mais novos.

c.- Intervención no absentismo escolar, co obxecto de contribuír a unha adecuada escolarización e asistencia regular aos centros educativos, a través dun traballo en rede cos centros educativos, para a prevención, detección e tratamento social da problemática de absentismo escolar do alumnado escolarizado no ensino obrigatorio.

d.- Intervención con persoas maiores e/ou en situación de dependencia, baseado no traballo en rede coa UTS do Centro de Saúde de Fontiñas e dirixido á atención das necesidades básicas daquelas persoas que, por atoparse en situacións de especial vulnerabilidade (persoas maiores, estado de saúde deficitario, rede de apoio social e familiar insuficiente, soidade, etc.), requiren de apoios para desenvolver as actividades esenciais da vida diaria e acadar unha maior autonomía persoal.

e.- Desenvolvemento comunitario, como acción sistemática e coordinada entre tódalas entidades públicas e de iniciativa social do barrio de Fontiñas, que, en resposta ás necesidades da poboación de referencia, tentaron constituír no ano 1998 e manter ata a actualidade un grupo de traballo estable (con profesionais pertencentes aos ámbitos sociais, educativos e sanitarios, e contando con apoio do tecido asociativo), dirixido a detectar precozmente non só calquera situación carencial, senón a realizar a correspondente abordaxe técnica, evitando na medida do posible, a súa cronificación e agravamento.

Horarios:

De luns a venres, de 8 a 15 horas, previa cita. Pódese concertar no Centro Municipal de Servizos Sociais (sito na rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4) e/ou no teléfono 981-54.24.65.

II.6.6.- Descrición das Oportunidades Comunitarias

Entendese por oportunidades comunitarias aqueles compoñentes que poden ser empregados polos residentes dun determinado territorio no seu beneficio, e que son de acceso universal ao resto da cidadanía:

OPORTUNIDADES	DIRECCION
CARITAS INTERPARROQUIAL	Hospitalillo nº 2 Bis 15702 – SANTIAGO DE COMPOSTELA TELÉFONO: 981552140 FAX: 981563085 caritasdesantiago@hotmail.com
CENTRO DE SAÚDE DAS FONTIÑAS	Rúa Londres, nº 2-4. Tfno. Cita previa: 981-57.76.70. // 902-077.333
CENTRO SOCIOCULTURAL DAS FONTIÑAS	Rúa Berlín, nº 13. Tfno.: 981-52.87.50. // FAX: 981-52.87.45. E-mail: csfontinas@santiagodecompostela.org Web: www.santiagodecompostela.org
COLEXIO PLURILIGUE LA SALLE	Praza de San Xoán Bautista De La Salle, 1 C.P.: 15704. Tfno.: 981 584 611 E-mail: santiago@sallep.net
COLEXIO SAN FRANCISCO JAVIER	C/Virgen de la Cerca, 18-19 y 31, Santiago de Compostela Tlf: 981 581 908 Fax: 981 58190 colegiosanfranciscojavier@csfjesuitas.com
COLEXIO SAN PELAYO- ENMA	Virxe da Cerca 15-16 Tlf. 981.586.101
ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA	Rúa de Betanzos 55, A Almaciga Tlf. 981 528 701 Info@esmucompostela.es
CENTRO XOVE DE CREACION CULTURAL DA ALMACIGA	Almaciga, s/n (Betanzos, 55) - 15704
ESTACIÓN DE AUTOBUSES	Estación de Autobuses de Santiago de Compostela Tel. 981542416 Praza Camilo Díaz Baliño, s/n 15704
ESTACIÓN DE TREN	Rúa do Hórreo, nº 75. Tfno.: 902-320320 (Información e reserva de billetes) // 902- 432343 (Información de estacións) http://www.renfe.es http://www.adif.es

Oportunidades	Dirección
Oportunidades	Dirección
INSTITUTO DE EDUCACION SECUNDARIA ANTONIO FRAGUAS	Rúa Londres, nº 10. Tfno.: 981-58.84.98. FAX: 981-52.82.54. E-mail: ies.antonio.fraguas@edu.xunta.es Páxina web: http://www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/
OFICINA DE EMPREGO	Rúa do Coto, 19 15707 981 57 07 53
RESIDENCIA- FOGAR DA 3º IDADE PORTA DO CAMIÑO	Rodas, 2(15704 981 583 000 Fax » 981 583 532 administracion.porta.do.camino@xunta.es



III. 1.- Detección de necesidades¹⁰

III.1.1- A.V. A XUNTANZA

No curto prazo:

- ✚ Apoio ás persoas e familias con problemas económicos.
- ✚ Organización de actividades que traballen as habilidades persoais e profesionais.
- ✚ Orientación cara o emprego co obxectivo de mellorar a empregabilidade.

No medio e longo prazo:

- ✚ Envellecemento da poboación
- ✚ Necesidade de renovar o tecido veciñal.
- ✚ A renovación do tecido demográfico, atraer a outros veciños e veciñas con dous posibles eixos de actuación: dotar ao barrio de servizos específicos para as familias e afortalar e renovar o tecido económico.
- ✚ Implementación de servizos de apoio ás familias, sobre todo aquelas con nenos e nenas.
Por dar algunhas ideas:

- implicar á xente maior, con maior dispoñibilidade de tempo, na educación/coidado dos menores
- itinerarios seguros para que os escolares vaian a pe á escola
- banco de libros e outros materiais escolares
- escola de pais/nais

LIÑAS BÁSICAS DE TRABALLO:

- ✚ Rehabilitación e adaptación de vivendas: información, información, información; apoio, apoio, apoio
- ✚ Mobilidade:
 - Supresión de barreiras nos espazos públicos
 - Supresión dos pavimentos non aptos para maiores
 - Modificación das rúas máis complicadas (Triacastela, Batalla de Clavijo, Aturuxo,...)

¹⁰ Realizadas polas entidades do grupo comunitario do barrio especificamente para este diagnóstico ou ben froito das xuntanzas de traballo mantidas pola uts coas distintas entidades ou do traballo realizado nas xuntanzas comunitarias desenvolvidas nos últimos meses.

- Adaptación do tráfico urbano naquelas zonas onde son poboación maioritaria (por exemplo, os intervalos dos semáforos; outro exemplo, o tamaño dos buses e vehículos que pasan por algunhas rúas).

✚ Benestar/Lecer/... :

- Programa de prevención da dependencia
- Programa de apoio a dependentes e ás súas familias
- Programas de envellecemento activo
- Programas de recuperación da autoestima social: actividades no barrio que reivindiquen o valor dos maiores e a súa “utilidade” para o resto da veciñanza. Son necesarios e útiles e temos que incorporalos á vida do barrio.
- Espazos e programas de intercambio xeracional
- Actividades de lecer enriquecedoras e dinamizadoras
- Creación de espazos saudables: circuítos de exercicio en Belvís (un ao aire libre, outro cuberto).

Non se trata de ofrecer estas cousas dun xeito pasivo senón buscar a implicación da xente, de forma que todo naza e se desenvolva dun xeito mais ou menos ordenado e autosostido.

Para nós o barrio é o CSC da Trisca sería o referente visible de todo este proxecto e a el deberían referirse non so as actividades e dinámicas senón tamén os servizos municipais de apoio. Por exemplo, porque non unha “consulta” semanal/mensual de alguén do concello para axudar a solucionar os problemas e dúbidas dos maiores.

Parécenos fundamental para o éxito disto que o espazo -físico e mental- de referencia sexa o barrio, que é o territorio social e xeográfico que os mais maiores dominan e no que se sintan cómodos e cómodas.

III.1.2-DON BOSCO

- ✚ Escola de pais e nais, apoio escolar e reforzo educativo, actividades extraescolares.
- ✚ Asentamento importante de inmigrantes, persoas maiores que viven soas,
- ✚ Optimización de recursos sociais
- ✚ Infravivenda e insalubridade: campo de San Antonio e outros inmobles na rúa de San Pedro (casas Okupas)
- ✚ Coordinación entre as distintas entidades que traballan no barrio

III.1.3-PARROQUIA SAN PEDRO

- ✚ Asentamento importante de inmigrantes e atención inmediata a familias con especiais carencias.

III.1.4- CEIP APÓSTOLO SANTIAGO

- ✚ Necesidade de establecer criterios e formas de intervención conxunta para os casos de absentismo escolar

III.1.5- URBANA. Equipo de Dinamización Social. Concello Santiago

- ✚ O colectivo de inmigrantes que se concentran no barrio

III.1.6- CRUZ VERMELLA

- ✚ Establecer redes sociais de apoio para a poboación maior de 60 anos de idade

III.1.7- CSC A TRISCA

- ✚ Actuacións concretas na procura da integración social do colectivo de inmigrantes
- ✚ Establecer rede de apoio para o colectivo de xente maior (+ 70 anos)
- ✚ Carencia de oferta atractiva de ocio saudable na zona para a poboación xuvenil (13-20 anos)

III.1.8- CENTRO DE SAÚDE DE FONTIÑAS

- ✚ Contar cunha maior dotación de recursos sociosanitarios
- ✚ Coñecer o número de persoas maiores que residan soas e localizalas.

III.1.9-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS: UTS PORTA DO CAMIÑO

- ✚ Importante mobilidade nas vivendas xustificada pola falta de equipamentos básicos (calefacción, ...) e carencias de habitabilidade (falta de ventilación, falta de luz, ...) e a existencia de barreiras arquitectónicas no seu acceso que provoca o cambio de vivenda. Tamén se detecta a existencia de numerosas familias con dificultades para facer fronte ao pago da vivenda.
- ✚ Incremento dos recursos adicados á escolarización: préstamo de libros e materiais escolar, apoio e reforzo educativo, actividades extraescolares.
- ✚ Detección de poboación moza, sen formación e estudos, e con necesidade de que sexan orientados ás alternativas existentes e buscar outras posibles accións dende unha óptica comunitaria.
- ✚ Falta de oferta de actividades formativas e ocupacionais, que requiriría a implementación de actuacións específicas neste eido, basadas nun sondeo previo entre os posibles beneficiarios, e deseñadas, non só para evitar condutas asociais, senón que propicien a inserción laboral
- ✚ Asentamento importante de poboación estranxeira
- ✚ Presenza na zona con un importante colectivo de persoas con un forte desarraigo social
- ✚ Número significativo de persoas en situación de dependencia con tendencia á alza, que esixe unha maior dotación de recursos sociais.
- ✚ Incremento de persoas maiores e maiores que viven solos e con necesidades de atención.
- ✚ Fomento de actividades lúdicas e recreativas para o colectivo de maiores
- ✚ Incremento de familias que, contando cuns ingresos mínimos, presentan graves dificultades para a cobertura de necesidades básicas (alimentos e pago de vivenda). Riscos de desafiuzamento de vivenda.
- ✚ Implementación de servizos de apoio ás familias, sobre todo aquelas que teñen menores ao seu cargo.
- ✚ Maior grao de coordinación e cooperación entre as distintas entidades que compoñen o barrio.

III.2.- Diagnóstico social.

III.2.1.- Infancia.

- ✚ Necesidade de establecer criterios e formas de intervención conxunta para casos de absentismo escolar.
- ✚ Establecer itinerarios seguros para que os escolares vaian “a pé” á escola.
- ✚ Necesidade dunha maior dotación de recursos para garantir a escolarización: banco de libros outros materiais escolares, apoio escolar e reforzo educativo, maior número de actividades extraescolares, etc.
- ✚ Posibilidade de organizar unha “Escola de nais e pais”.

III.2.2.- Xuventude.

- ✚ Detección de poboación moza, sen formación e estudos, e con necesidade de que sexan orientados ás alternativas existentes e buscar outras posibles accións dende unha óptica comunitaria.
- ✚ Falta de oferta de actividades formativas e ocupacionais, que requiriría a implementación de actuacións específicas neste eido, basadas nun sondeo previo entre os posibles beneficiarios, e deseñadas, non só para evitar condutas asociais, senón que propicien a inserción laboral.
- ✚ Carencia de oferta “atractiva” de ocio saudable na zona para poboación xuvenil.

III.2.3.- Persoas maiores e /ou en situación de dependencia.

- ✚ Unha realidade presente no barrio é o importante número de persoas maiores que viven nel. Unha porcentaxe significativa deste colectivo son dependentes e/ou viven solos. Isto pode ser considerado como un colectivo de risco social. Requiriría dun estudio específico da realidade e necesidades persoas, así como a xestión de recursos de proximidade¹¹ nos casos en que proceda.
- ✚ Detección de persoas maiores sen apoio ou carente de rede familiar e social.
- ✚ Fomento de actividades lúdicas e recreativas para o colectivo de maiores e xubilados, como alternativa ao tempo libre.

¹¹ Recursos de proximidade: servizo de axuda no fogar, teleasistencia domiciliaria, voluntariado, etc... Incluso sería de interese un centro de día polivalente (non tanto pensando en persoas en situación de dependencia, como para aquelas persoas maiores, con déficits lixeiros na súa autonomía) ubicado na zona.

- ✚ Necesidade de levar a cabo actividades no barrio para que reivindiquen o valor dos maiores e a súa utilidade para o resto da veciñanza.
- ✚ Importante número de persoas en situación de dependencia, con tendencia á alza, que esixe unha maior dotación de recursos sociais (teleasistencia domiciliaria, axuda no fogar, centro de día), un seguimento e unha coordinación sociosanitaria, de acordo ao establecido na lexislación vixente.
- ✚ Necesidade de espazos e programas de intercambio interxeneracional.
- ✚ Creación de espazos saudables: circuítos de exercicio.
- ✚ Establecer redes de apoio para o colectivo de persoas maiores.

III.2.4.- Minorías étnicas.

✚ Incremento de persoas estranxeiras; mobilidade das mesmas. Déficits formativos. Importante grao de desarraigo familiar; vínculo paterno-filiais e incluso fraternais débiles. Presenza de factores de risco social. Necesidade de programas específicos, tanto para a detección de casos, como para a intervención social que corresponda; preciso, previamente, un estudio da súa realidade social.

III.2.5.- Familia.

- ✚ Incremento de familias que, contando cuns ingresos mínimos, presentan graves dificultades para a cobertura de necesidades básicas (alimentos e pago de vivenda). Riscos de desafiuzamento de vivenda.
- ✚ Implementación de servizos de apoio ás familias, sobre todo aquelas que teñen menores ao seu cargo.

III.2.6.- Cuestións xerais de índole comunitaria:

- ✚ Facilitar a accesibilidade do barrio, minguando elementos de risco, supresión de barreiras arquitectónicas, supresión de pavimentos non aptos para persoas maiores, con adaptación do tráfico urbano.
- ✚ Promocionar as infraestruturas do barrio para mellorar o uso das mesmas, propoñendo alternativas de ocio.
- ✚ Maior grao de coordinación e cooperación entre as distintas entidades que compoñen o barrio, co fin de optimizar as actuacións e evitar duplicidades. Optimización dos recursos sociais.

- ✚ Orientación cara o emprego, co obxectivo de mellorar a empregabilidade das persoas.
- ✚ Necesidade de que se atraia a nova poboación para que se asente no barrio e se ocupen as vivendas que están baleiras.
- ✚ Rehabilitación e adaptación de vivendas. Evitar focos de marxinación social.
- ✚ Importante mobilidade na ocupación das vivendas pola falta de equipamentos básicos e as carencias de habitabilidade (existencia de barreiras arquitectónicas no seu acceso).
- ✚ Existencia de familias con dificultades para afrontar o pago de vivenda.

III.4.- Diagnóstico da situación, dende a perspectiva da análise DAFO.

INTERIOR DO BARRIO DE SAN PEDRO.

<u>FORTALEZAS</u> ▪ Barrio histórico. Situado nunha das entradas principais da cidade. ▪ Importante sentimento de pertenza ao barrio tanto das entidades presentes no barrio como dos veciños. ▪ Poboación eminentemente nova; media de idade 43 anos; colectivo infanto-xuvenil 15,3 %. ▪ Pluridade cultural e étnica, que pode favorecer o enriquecemento persoal e social do barrio ▪ Importante número de profesionais implicados no ámbito comunitario. ▪ Incremento progresivo do grao de coñecemento da realidade social do barrio.	<u>DEBILIDADES</u> ▪ Importante concentración de vivendas con barreiras arquitectónicas no seu acceso. ▪ Existencias de focos de infravivenda ▪ Importante número de persoas maiores que residen soas. ▪ Situación de colectivos vulnerables en zonas concretas do barrio. ▪ Sensación de que existen un importante número de vivendas sen habitar. ▪ Necesidade de ampliación de recursos dende o ámbito familiar, socioeducativo e comunitario.. ▪ Presión da crecente demanda social. ▪ Cambio da realidade social coa que se está a traballar dende os diferentes servizos, que esixe modificacións na oferta de recursos e de accións.
<u>OPORTUNIDADES</u> ▪ Servizos de comunicación próximos: Estación de Autobuses e Estación do Tren. ▪ O barrio forma parte do camiño de Santiago. É unha das entradas á cidade. ▪ Situación no barrio de importantes edificios culturais (Museo do Pobo Galego, Centro de Arte Contemporánea) e zonas verdes (Parque de Bonaval, parque de Belvís). ▪ A posta en marcha de mecanismos de coordinación con tódalas entidades de iniciativa social e o tecido asociativo do barrio. ▪ Dinamismo e compromiso de tódalas entidades sociais da zona ▪ Diversidade cultural ▪ O barrio “está de moda” e isto parécenos unha oportunidade para axudarnos na renovación do tecido demográfico, económico e inmobiliario	<u>AMEAZAS</u> ▪ Traslado de familias desestructuradas ou de baixo nivel económico a zona pola accesibilidade nos alugueres da vivenda ▪ Falta de recursos ocupacionais para mozas/os, tanto no barrio como en zonas próximas. ▪ Insuficiente oferta de recursos para as persoas maiores, especialmente as que residen soas. ▪ Risco na perda de poboación pola existencia de barreiras arquitectónicas no acceso ás vivendas ▪ Ameaza de que o traballo comunitario quede suspendido pola sobrecarga de traballo asistencial co obxectivo de cubrir necesidades urxentes e de emerxencia ▪ Diminución e redución dos recursos económicos no ámbito social. ▪ O barrio “está de moda” desto pode derivar unha ameaza evidente: a posible “gentrificación” (proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun barrio deteriorado é progresivamente desprazada por outra de un maior nivel adquisitivo ao tempo que se renova).

EXTERIOR DO BARRIO DE SAN PEDRO.



Tras expoñer a recollida e análise de datos e despois de analizar coas distintas entidades do barrio as necesidades que se detectan procedese a expoñer de forma resumida e priorizada aquelas necesidades que marcaran as futuras liñas de intervención no barrio.


Para elo vamos a empregar unha táboa que nos permita recoller as necesidades detectadas por cada unha das entidades que forman parte do grupo comunitario co obxectivo de facer visible o peso específico de cada necesidade.

Finalmente reflectírase esta ponderación nun gráfico que nos permita ver claramente as conclusións as que chegamos.

NECESIDADES	VALORADAS E PERCIBIDAS POLAS ENTIDADES															
	Caritas Parroquial	Centro saúde	CEIP Apóstolo Santiago	Colexio Alborada	Colexio Xuventude	IES Antonio Fraguas	Centro Soc.A Trisca	Cruz Vermella	UTS	Prog. mun Socioed	UMAD	AA. VV. A Xuntanza	Cent Dia Arela	Urbana Norte	Don Bosco	Plataforma Emprego
Intervención en materia de absentismo escolar			X	X	X	X			X	X						
Apoio escolar			X	X	X	X			X	X					x	
Itinerarios seguros para escolares												x				
Recursos para escolares: actividades extraescolares, banco de libros, etc.												x				
Escola de pais e nais												x			x	
Detección de poboación moza sen formación. Orientación							x		x							
Maior dotación de servizos de proximidade: SAF e Teleasistencia.		x							x							
Detección de persoas maiores sen apoio ou sen rede familiar									x							

Fomento actividades lúdicas para maiores									x			x				
Espazos e programas de intercambio interxeneracional												x				
Creación de espazos saudables: circuítos de exercicio, etc												x				
Establecer redes de apoio ao colectivo de maiores												x				
Programas específicos inmigrantes: detección e intervención social	x								x					x	x	
Implementación servizos de apoio á familias	x								x							
Facilitar a accesibilidade ao barrio												x				
Promocionar e mellorar as infraestruturas do barrio												x				
Mellora da empregabilidade												x				
Coordinación entre as distintas entidades do barrio									x			x			X	

LIÑAS DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA





**CONCELLO DE
SANTIAGO**
SERVIZOS SOCIAIS
UTS PORTA DO CAMIÑO